

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta consellería ven de formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 09.07.2026 ata o 16.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a cabo esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 (DOG número 252, do 31 de decembro de 2025) figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar serán os seguintes:

a) Adquisición de equipamento administrativo.



b) Adquisición de material técnico para o seguimento ambiental e apoio científico-técnico.

c) Realización dunha xornada de asesoramento e formación sobre "*Habilidades sociais e resolución de conflitos no sector pesqueiro*".

Estes investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar permiten dar cobertura a carencias estruturais detectadas en tres ámbitos fundamentais: infraestruturas tecnolóxicas e de comunicación, equipamento administrativo básico, e material técnico para o seguimento ambiental e apoio científico-técnico. A organización dunha xornada de formación en habilidades sociais e resolución de conflitos constitúe un investimento estratéxico para mellorar o funcionamento interno das confrarías e fortalecer as competencias organizativas e relacionais dos profesionais do sector.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez  
(*asinado dixitalmente*)

